



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE DISTRIBUIDORAS DE HOSTALARIA E ALIMENTACIÓN DE LUGO PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA I FEIRA L DE LUGO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo para a organización e celebración da I FEIRA L DE LUGO, que terá lugar entre o 24 e o 26 de setembro do 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.





**Segundo.-** A Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo pretende crear unha feira para dar a coñecer os seus produtos e sobre todo, fortalecer a súa imaxe despois da crise sufrida pola Covid-19 o pasado 2020 e as continxencias que se atopan debido a ela neste mesmo ano. A asociación conta con empresas de bebidas, alimentación, conxelados, peixe, menaxe e cárnicos que teñen alo menos un 70% de vendas na hostalaría. Así mesmo, permitirá a presentación en sociedade de moitos dos produtos locais que se están a comercializar e dado o pequeno tamaño das produtoras que os producen non lles é doado a parte publicitaria, polo que a feira é unha boa oportunidade tamén para elas xa que se aproveitarían da infraestrutura xerada como una lanzadeira de negocio.

A importancia da cidade de Lugo como parte fundamental e histórica do Camiño de Santiago, beneficiaría de forma directa e indirecta tanto para os principais afectados e a diferentes organismos públicos a creación da feira.

**Terceiro.-** A feira levarase a cabo no espazo cedido polo CEI NODUS, xa que se considera que por ser un espazo aberto, reúne todas as garantías sanitarias vixentes, a través da Asociación ADISLUGO. Se ben o proxecto resulta de interese para a imaxe do propio sector da distribución, así como a potenciación dos produtos agroalimentarios da provincia, tamén o fai para outros sectores provinciais debido a que a montaxe e infraestrutura da propia feira serán principalmente levadas a cabo por empresas locais. As datas confirmadas de celebración da feira son os días 24, 25 e 26 de setembro de 2021.

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación nesta feira profesional e encontros nacionais de negocio, en orde a promoción nacional da oferta turística galega e para o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma como receptores dun turismo fundando na estratexia da calidade, razóns que xustifican o interese público para o outorgamento da subvención.

Así mesmo, e dado que se trata da única feira profesional do turismo na nosa Comunidade Autónoma, na que se pon en contacto a oferta turística galega, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial, e que está





organizada en exclusiva pola Asociación, non é posible promover unha convocatoria pública, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Distribuidoras de Hostalaría e Alimentación de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscripción dun contrato dos contemplados na Lei de contratos do sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

